



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

AGADIC



Axencia Galega das
Industrias Culturais

Cidade da Cultura de Galicia
Monte Gaiás, s/n
15707 Santiago de Compostela
tel.: 881 99 60 77 / 78
fax: 881 99 60 80
www.agadic.gal / agadic@xunta.es
agadic@

PROTOCOLO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS (AGADIC) E O AUDITORIO DE GALICIA PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓNS CONXUNTAS RELATIVAS A ACTIVIDADES CULTURAIS.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Director da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) **DECLARA:**

Que a Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic) ten previsto formalizar co **Auditorio de Galicia** o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia **dun ano a contar dende a data da súa sinatura**.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as bases de colaboración entre o Auditorio de Galicia e a Agadic para a realización de actuacións conxuntas en apoio da participación cultural e a creación e difusión artística, facilitando o acceso da cidadanía ás mesmas.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

A Agadic, atendendo aos seus obxectivos de garantir a visibilidade dos proxectos culturais propios das súas liñas de actuación, potenciando o seu desenvolvemento e favorecendo a creación e a produción artística con medidas de acción positivas, considera esencial o establecemento de accións conxuntas co Auditorio de Galicia o que ten encomendada pola parte do Concello de Santiago a Xestión da área cultural, e ten como finalidade a programación de actividades culturais, artísticas, recreativas de ámbito local, galego, español ou internacional, directamente ou en colaboración con outras entidades públicas ou privadas, tales como as Xornadas de Música Contemporánea, Festival Cineuropa, e exhibición de obras teatrais e que dedica una parte importante da súa programación ao apartado teatral, musical e audiovisual contribuíndo deste xeito claramente á potenciación e recoñecemento do eido cultural e favorecendo o encontro con profesionais de diferentes ámbitos da cultura. Ambos queren realizar colaboración nos ámbitos da súa competencia e consideran oportuno o establecemento dun marco legal que recoñeza, facilite e axilice dun xeito global estas accións conxuntas.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alieo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

galicia

